

A evolución da sociedade no século XIX (con especial atención á situación da muller)

Tema 7 para composición de texto histórico

2º Bach. – IES Mendiño – 2023/2024

Prof. Xosé Díaz Alonso

A evolución da sociedade no S.XIX

- A construción do Estado liberal en España provocou profundas **transformacións na súa estrutura social**.
- O século XIX será o do ascenso da **burguesía**, que acadará a hexemonía e logrará impoñer o liberalismo como sistema político e económico.



Os antigos grupos privilegiados

Os antigos grupos privilexiados

- Os antigos grupos privilexiados, nobreza e clero, **perden a súa posición hexemónica.**
- A **nobreza** perde os seus dereitos señoriais, pero conserva a titularidade do seu patrimonio. Moitos nobres convértense en **grandes propietarios**, e asimílanse á burguesía (como sucede cos fidalgos galegos).



Os antigos grupos privilegiados



Os antigos grupos privilegiados



Os antigos grupos privilexiados

- O **clero** perdeu moito patrimonio coas desamortizacións, perdeu moitos privilexios e decreceu en número.
- A resposta da Igrexa foi a adopción de **posturas tradicionalistas** (carlismo), e tratou de **manter a súa influencia** nunha sociedade que era maioritariamente católica.



Os antigos grupos privilegiados




Os antigos grupos privilegiados



Os antigos grupos non privilexiados

Os antigos grupos non privilexiados

- Os **campesiños** seguían sendo o **grupo social maioritario** debido á debil industrialización española.
- A servidume desaparecerá co liberalismo, pero **a situación do campesiñado variará moito** segundo o réxime de propiedade da terra.




Os antigos grupos non privilexiados




Os antigos grupos non privilexiados

- No sur predominaba o **latifundismo**, cos campesiños convertidos en **xornaleiros**. Tiñan unha moi mala situación, e vencelláronse ao anarquismo.
- No norte os campesiños tiñan **certos dereitos sobre as terras** (foro, rabassa morta...). Loitaron por obter a propiedade destas con movementos como o agrarismo, e eran conservadores.



Os antigos grupos non privilexiados



Os antigos grupos non privilexiados



Os antigos grupos non privilexiados



Os antigos grupos non privilexiados



Os antigos grupos non privilexiados



As novas classes sociais: burguesia e proletariado

As novas clases sociais: a burguesía

- A **burguesía**, motor das revolucións liberais, estaba integrada por comerciantes, financeiros, profesionais liberais e clases propietarias en xeral.
- ***Non era moi numerosa***, e a súa mentalidade era ***pouco emprendedora*** (tendía a imitar á nobreza), salvo as ***burguesías catalá e vasca, moi activas***.



As novas clases sociais: a burguesía

- A **alta burguesía** conformaba, xunto coa alta nobreza, a oligarquía do país, e detentou o poder político e social.
- As **clases medias** foron medrando progresivamente, e tiveron tendencia a reclamar medidas progresistas que reformaran o sistema, xa que eran excluídos pola oligarquía.



As novas classes sociais: a burguesia



As novas classes sociais: a burguesia



As novas clases sociais: o proletariado

- O **proletariado** era moi escaso nun principio; creceu conforme aumentou a industrialización.
- Foise organizando no **movemento obreiro**, sobre todo en grupos **anarquistas e marxistas**, aínda que a intensidade das reivindicacións foi aumentando progresivamente.



As novas classes sociais: o proletariado



As novas classes sociais: o proletariado



As novas clases sociais: o proletariado

- ***A relación entre o proletariado e as clases medias*** foi ambivalente.
- Ás veces estes grupos aliábanse fronte á oligarquía, mentres que noutras as clases medias aliábanse cos oligarcas para frear as reivindicacións do movemento obreiro.



O papel da mulher no século XIX

O papel da muller

- Malia as transformacións liberais, ***o papel da muller non sufriu transformacións relevantes*** na situación herdada do Antigo Réxime.
- O papel das mulleres, aínda que ***fundamental***, estaba ***relegado a un segundo plano*** pola sociedade.



O papel da muller

- O seu **rol básico** era o do **ámbito doméstico** (coidado da casa e dos fillos) ou o de **coidadoras**.
- As transformacións xeradas polo liberalismo non remataron coa **discriminación das mulleres**, que ademáis afectaba a varios eidos.



O papel da muller

- **A nivel biolóxico**, as mulleres eran consideradas inferiores.
- **A nivel xurídico** existía unha discriminación legal das mulleres no Código Penal, no Código Civil e no Código de Comercio, manténdose sometidas á autoridade do pai ou do marido nas accións legais e comerciais.



O papel da muller

- ***A nivel político*** non se lles recoñecía o dereito ao voto, e non houbo unha asociación feminista ata 1918 (a Asociación Nacional de Mujeres Españolas).
- ***A nivel laboral***, as mulleres obreiras cobraban un salario menor, cunhas xornadas laborais ás veces maiores. A incorporación a outro tipo de empregos foi máis lenta.



O papel da muller

- O **acceso ao ensino** das mulleres era moi limitado, sobre todo nas clases máis baixas.
- A importancia da educación fixo que fora ***clave nos discursos en favor dos dereitos femininos*** (Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal...). A Institución Libre de Enseñanza incluso creou en 1874 a “Asociación por la Enseñanza de la Mujer”.



Ânimo eo estudo!